As reunións tanto coas ANPAS como co Consello Escolar véñense realizando trimestralmente e presencialmente ata a data de hoxe. Para o vindeiro curso, a prioridade serán as reunións telemáticas, mediante videoconferencias, para evitar a circulación de persoal alleo ao centro pero poderán hacer uso das instalacións do centro sempre e cuando cumplan coas medidas de seguridade contra a COVID-19.



### 39. PREVISIÓN DE REALIZACIÓN DE TITORÍAS E COMUNICACIÓNS COAS FAMILIAS.

Tal e como se nos vén aconsellando dende o ano pasado dende a Inspección e as Autoridades Sanitarias, as reunións cos pais e familias serán, sempre que se poida, de xeito telemático, ben mediante vídeoconferencias ou ben mediante chamadas telefónicas ou correos.

Ademais, o colexio conta coa plataforma Abalar para calquera tipo de comunicación cos proxenitores, así como a páxina web do Grupo Educativo, o correo do mesmo e o teléfono para unha urxencia.

A aplicación informática G-Suite tamén será outra ferramenta utilizada en todas as etapas educativas para a comunicación dos alumnos e profesorado, á cal poderán acceder as familias para a revisión dos traballos dos seus fillos.

Os titores estarán, como o resto do personal docente, á disposición das familias que precisen una titoría, con cita solicitada previamente, pero sempre que sexa posible, de xeito telemático.

### 40. NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS.

Os eventos que se veñen realizando no Centro ao longo dos anos anteriores son moitos, moi variados e, dependendo da etapa educativa, son dentro e fóra do recinto escolar, e nalgúns casos, fóra do horario lectivo e de varios días. Estes eventos poderanse realizar sempre que as condicións sanitarias o permitan.

## **I. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO**

### 41. ESTABLECEMENTO DE MEDIDAS DE ENTRADA E SAÍDA DOS VEHÍCULOS NO CENTRO EDUCATIVO, ESTABLECEMENTO DUN ESPAZO DE ESPERA PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO. CRITERIOS, DE SER O CASO, DE PRIORIZACIÓN DO ALUMNADO PARA O USO DO TRANSPORTE.

No CPR El Castro non entran vehículos de familias ao centro, polo que non son necesarias ditas medidas.

## **J. MEDIDAS DE USO DO COMEDOR**

### 42. ESTABLECEMENTO DE QUENDAS PARA O USO DO COMEDOR. DETERMINACIÓN DOS LUGARES OCUPADOS POLOS COMENSAIS. PRIORIZACIÓN DO ALUMNADO SOBRE O RESTO DO PERSOAL DO CENTRO.

Ás 13.30 h o alumnado de Educación Infantil que asiste ao servizo de comedor comeza coas quendas de lavado de mans por clase no aseo do patio.

En Primaria e Secundaria, ao finalizar as clases, os alumnos que queden no comedor poranse ao final da súa fila onde se fará o lavado de mans con xel



hidroalcohólico. Cando todo o grupo sexa recollido polos seus pais, o profesor acompañará aos alumnos ata o patio.

O profesor que teña ese día quenda de comedor espera a ditos alumnos no patio, non accedendo ao comedor en ningún momento.

No patio haberá un sitio acotado por clases para que os alumnos coloquen as mochilas e abrigos. A continuación, cada mestre acompañará aos nenos ata a porta do comedor.

O persoal do comedor, con gorro, máscara e luvas será o único que circule polo mesmo, colocando aos alumnos nas mesas asignadas da súa clase para non mesturar os grupos. Este persoal é o único que deberá ter acceso ao comedor e o único que poderá manipular os alimentos.

No patio exterior, xa acotado por clases, tratarase de respectar as zonas de grupos de seguridade por parte do alumnado así como respectar os grupos de convivencia estable.

A quenda de recollida por parte dos pais será de 15.15 h a 15.30h. No momento da saída aplicarase xel hidroalcohólico.

Haberá unha planificación mensual do profesor colaborador para o comedor.

#### 43. PREVISIÓN SOBRE O PERSOAL COLABORADOR, TENDO EN CONSIDERACIÓN QUE DEBE DE SER O MESMO DURANTE AS DIFERENTES QUENDAS.

O persoal colaborador será o mesmo en todas as quendas, e estará provisto do material necesario para exercer o seu traballo dun xeito seguro (luvas, gorro e máscara)

Terá un par de horas para xestionar as quendas do alumnado que come no centro, e prestará especial atención á limpeza e hixiene no mesmo.

A entrega dos alumnos aos proxenitores, como en anos anteriores facía dito persoal, correrá a cargo da persoa encargada do Comedor.

Asimesmo, as Normas do Uso do mesmo estarán expostas, e os alumnos e pais, así como o profesorado, tamén será coñecedor de ditas normas.

#### 44. PREVISIÓN SOBRE O PERSOAL DE COCIÑA E A LIMPEZA DA MESMA.

O persoal do Comedor non é persoal de Cociña en sí, xa que os menús do comedor son dunha empresa de catering contratada polo centro, e polo tanto dito persoal non cociña alimentos, pero si os manipula e fai a limpeza da sala de Comedor una vez este remata.

Este ano a limpeza será prioritaria no Comedor e o PAS terá en conta as



necesidades do persoal como a primeira prioridade.

## **K. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS**

45. REALIZARANSE AS PREVISIÓNS QUE SEXAN PRECISAS NOUTROS ESPAZOS DO CENTRO TALES COMO AULAS ESPECIAIS (TECNOLOXÍA, MÚSICA, DEBUXO, INGLÉS, LABORATORIOS...) XIMNASIOS, PISTAS CUBERTAS, SALÓNS OU CALQUERA OUTRO ESPAZO DE USO EDUCATIVO. AS PREVISIÓNS INCLUIRÁN AS NORMAS DE USO DE LIMPEZA.

As medidas de limpeza e de hixiene que se levarán a cabo nos espazos comúns e aulas serán aplicadas nos outros espazos como talleres, laboratorios, etc.

O persoal de limpeza contará cun cadro de control á súa disposición, tal e como figura nas Medidas de Limpeza citadas anteriormente, que se xunta ao Plan de Adaptación.

46. EXISTIRÁN DETERMINACIÓNS ESPECÍFICAS PARA A MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

Na materia de Ed. Física en todas as etapas educativas a proposta como centro nesta materia son as seguintes:

- Introducir como parte da programación e como tema transversal a importancia da hixiene corporal persoal, especialmente das mans.
- Engadir como parte práctica a importancia de manter a distancia de seguridade, na súa vida, tanto dentro como fóra do colexio.
- A correcta aprendizaxe do uso da máscara como medida de seguridade e de respecto.
- Evitar os xogos de demasiado contacto físico, introducindo un tipo de exercicios máis individuais, nos que non se compartan obxectos como pelotas, etc.
- Os docentes desta materia, así como os compoñentes da Agrupación deportiva, poderán introducir, eliminar e dar forma especificando máis os seus criterios na materia na que eles son os especialistas.

47. REGULARASE O PROCESO DE CAMBIO DE AULA OU A VISITA Á AULA ESPECIAL OU ESPAZOS DE USO EDUCATIVO.

Os alumnos que asistan á Aula Específica que carezan de autonomía, irán, como é lóxico, sempre acompañados do persoal da mesma.

A cartelería de gran tamaño e a cor son moi importantes para o alumnado da Aula Especial.



Na entrada e saída da Aula Específica os alumnos deberán ir ao aseo que teñen ao lado para un correcto lavado de mans, as primeiras semanas, e logo utilizar o xel hidroalcohólico para asimilar a rutina.

Se cambian de aula, é importante que na saída e no regreso á súa propia aula, co seu grupo estable, tamen poñan o xel.

Os materiais que utilicen deben ser propios e en ningún caso compartilos cos seus compañeiros.

Na medida do posible, no caso do resto do alumnado, a circulación polo centro e os cambios de aula deberán ser os mínimos e, sempre que sexan imprescindibles, sen coincidir con outros grupos.

Os alumnos da modalidade que desdobre estarán preparados para asistir a dita aula e no abandonarán a habitual ata que o profesor que imparta a materia correspondente vaia buscalos. Sairán en fila e gardando a distancia de seguridade, para incorporarse á aula de desdobre, onde se sentarán nos postos asignados previamente na primeira semana de clase polo profesor.

#### 48. AS PERSOAS RESPONSABLES DA BIBLIOTECA ESTABLECERÁN UNHAS NORMAS DE USO ACOMODADAS ÁS XERAIS ESTABLECIDAS NO PROTOCOLO.

- A Biblioteca poderá ser usada ata un 50 % do seu aforo (6 persoas) e, excepcionalmente, o equipo directivo podería ampliar ou reducir o mesmo, sempre e cando se cumpran as condicións de seguridade.
- O responsable da Biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á mesma que será mediante petición previa. Antes e despois de estar na sala, o alumno deberá hixienizar as mans.
- O equipo da Biblioteca sinalizará os postos de traballo dispoñibles, de xeito que se manteña a distancia de seguridade oportuna.
- Os usuarios da biblioteca deberán hixienizar os postos ocupados.
- O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual, aínda que o devolto deberá permanecer en caixas illadas e identificativas un mínimo de 24h antes de volver aos andeis.
- Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.
- Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.



#### 49. PODERANSE ASIGNAR GRUPOS DE ASEOS A ALUMNADO DE ETAPAS EDUCATIVAS CON CARÁCTER EXCLUSIVO EN ATENCIÓN Á REALIDADE DO CENTRO.

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos máis próximos á entrada do centro.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

### **L. MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS**

#### 50. AS DETERMINACIÓNS SOBRE O HORARIO DO RECREO, OS ESPAZOS, DE SER O CASO INCLUSO AS DIVISIÓNS DOS MESMOS, E DO USO E ORDE NO RECREO REALIZARASE PORMENORIZADAMENTE NO PLAN CON ASIGNACIÓN DE ESPAZOS A GRUPOS OU NIVEIS E COAS PREVISIÓNS PROPIAS PARA OS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA.

RECREOS		
ETAPA	NIVEL	HORA
Ed. Infantil	4º	11:30 A 11:55 Patio con zonas delimitadas. 13:00 a 13:15 Patio con zonas delimitadas.
	5º	11:30 A 11:55 Patio con zonas delimitadas. 13:00 a 13:15 Patio con zonas delimitadas.
	6º	11:30 A 11:55 Patio con zonas delimitadas. 13:00 a 13:15 Patio con zonas delimitadas.
Primaria	1º, 2º	11.25 a 11.35 Merenda na aula 11:35 a 11:50 Patio con zonas delimitadas
	3º, 4º, 5º e 6º	11.50 a 12.00 Merenda na aula 12:00 a 12:20 Patio con zonas delimitadas
ESO	1º, 2º, 3º e 4º	11:00 a 11:30 Patio con zonas delimitadas.

Todo o alumnado deberá levar a máscara e por o xel á entrada da aula.

Como xa vén explicado en puntos anteriores, a baixada e subida ao recreo será escalonada, por quendas e mantendo a distancia de seguridade.





51. NAS DETERMINACIÓNS FIGURARÁN OS CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DO PROFESORADO DE VIXILANCIA. CADRO QUE DEFINA OS HORARIOS DOS GRUPOS DE CONVIVENCIA ESTABLE.

<b>GARDAS RECREOS ED. PRIMARIA</b>	
1º - 2º - 3º Primaria	1 profesor por grupo. Zona do patio específica asignada para cada grupo.
3º - 4º - 5º - 6º Primaria	1 profesor por grupo. Zona do patio específica asignada para cada grupo.
<b>GARDAS RECREOS ESO</b>	
ESO	2 profesores po. Zona do patio específica asignada para cada grupo.

### **M. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA**

52. INCLUIRANSE PREVISIÓNS SOBRE A METODOLOXÍA NA AULA, O USO DE BAÑOS QUE ESTEAN SITUADOS NA MESMA. TAMÉN FIGURARÁN DETERMINACIÓNS SOBRE O TRABALLO EN RECANTOS E DE USO DO MATERIAL DA AULA.

Os baños dos que dispoñen os alumnos de Educación Infantil están situados na mesma planta, ao lado das aulas de Ed. Infantil, e son baños adaptados a este alumnado.

A metodoloxía e rutinas nos primeiros días para o uso correcto dos mesmos, da hixiene e do lavado de mans, de xeito lúdico, é imprescindible para que o teñan dentro da súa rutina diaria, así como o uso do xel, extremando as precaucións co mesmo.

O uso de material individual, tanto de aula como de xoguetes, utensilios, etc. é importante. No caso de compartir o material da aula, deberá ser limpado con frecuencia, e sen pezas soltas.

Nas entradas e saídas ao recreo, deberán illarse do resto dos grupos, para respectar os grupos de convivencia estable, e cada titora cos seus, por zonas ben definidas.

O persoal especializado de Ed Infantil determinará e concretará o traballo en recantos e tanto a cartelería e a cor como a sinaléctica no chan será utilizada e explicada aos alumnos dende o primeiro día.



53. A MAIORES DAS PREVISIÓNS XERAIS SOBRE RECREOS EXISTIRÁ UNHA PREVISIÓN ESPECÍFICA PARA OS XOGOS E ACTIVIDADES A REALIZAR NO TEMPO DE RECREO. INCLUIRASE UNHA PREVISIÓN SOBRE O TEMPO DA MERENDA.

A merenda farase na aula, cada alumno no seu sitio. Deberán traer un estoxo para gardar tanto os restos orgánicos como inorgánicos da merenda e levalo para a casa.

O profesorado da Ed Infantil e os primeiros cursos da Ed Primaria realizarán a primeira semana de setembro, una listaxe de xogos para realizar no tempo do recreo para pór en práctica nos mesmos.

## **N. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

54. NAS PREVISIÓNS DE USO DESTES ESPAZOS DEBERÁ DETALLARSE O USO E HIXIENE DOS ELEMENTOS E FERRAMENTAS QUE POUIDAN SER UTILIZADAS POR VARIOS/AS ALUMNOS/AS E PROTOCOLARIZARSE EN FUNCIÓN DAS DIFERENTES ENSINANZAS OS DETALLES DE UTILIZACIÓN DO EQUIPAMENTO E A NECESIDADE DUN RECORDATORIO CONTINUO DOS PROTOCOLOS DE PREVENCIÓN.

O centro non imparte Formación Profesional

## **O. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE NEE**

55. O EQUIPO COVID , EN COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ESTABLECERÁ AS MEDIDAS CONCRETAS EN RELACIÓN COA DIFERENTE TIPOLOXÍA DE ALUMNADO CON NEE.

- O uso da máscara, dentro e fóra da aula, para todos os alumnos é obrigatorio.
- Se o uso da máscara non fose posible, por circunstancias especiais, os alumnos que así o precisen poderán facer uso de pantallas, viseiras ou mamparas.
- A interacción dos grupos é limitada, asignándose unha mesa a cada grupo.
- No caso de alumnado sen o con pouca autonomía para trasladarse polo centro, un acompañante lle facilitará rigoroso lavado de mans, no aseo do patio, preto da Aula Específica (Ed. Especial). A limpeza de dito aseo, intensificarase.
- A obrigación de usar máscara polo alumnado da Aula Específica (Educación Especial) non será esixible a aqueles alumnos que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou presenten alteracións da conducta que fagan inviable a súa utilización (TEA/TDAH, etc). Un



pediatra ou facultativo debe acreditar está situación.

- O Dpto de Orientación, profesoras da Aula Específica (EDUCACIÓN ESPECIAL), colaborará co Equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precise.
- No caso de escolarización combinada, adoptaranse as mesmas medidas, e informaranse os seus compañeiros da aula ordinaria das medidas adoptadas co fin da comprensión das mesmas por parte de todo o alumnado.
- Haberá un seguimento continuo das medidas adoptadas para alumnos con NEE, elaboradas dende o Dpto. de Orientación, que o persoal docente e o coidador debe extremar.

#### 56. PARTICULARIZARANSE AS TAREFAS E MEDIDAS QUE O PERSOAL DOCENTE E COIDADOR DEBE DE EXTREMAR EN RELACIÓN CO ALUMNADO. AS MEDIDAS SERÁN OBXECTO DE SEGUIMENTO CONTINUO PARA A SÚA ADAPTACIÓN A CADA CIRCUNSTANCIA.

As medidas de Seguridade e de Hixiene serán de estrito cumprimento por todo o persoal da Comunidade Educativa: PAS (persoal de Administración e Servizos), profesorado e alumnado, así como os pais e familias que forman parte do ámbito escolar, ANPAS e Consello Escolar.

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma, optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade. Os alumnos de necesidades educativas do noso centro son de escolarización combinada, polo tanto coidarase adoptar as mesmas medidas co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado.

### **P. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO**

#### 57. PARA AS REUNIÓNS DE PROFESORADO, USO DA SALA DE PROFESORES E DEPARTAMENTOS ESTABLECERANSE AS MEDIDAS QUE SEXAN OPORTUNAS EN FUNCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS E AFOROS DISPOÑIBLES. EXISTIRÁN



## PREVISIÓNS PARA O USO DE MÁQUINAS DE VENDING OU CAFETEIRAS.

As reunións do profesorado en todas etapas educativas será, preferiblemente, de xeito telemático, mediante videoconferencias, tal e como se fixo no confinamento.

Dado a gran cantidade de profesorado en cada etapa educativa, non parecen oportunas as reunións na Sala de profesores cun aforo inferior ao que dictan as Normas de Seguridade de distanciamento Social.

O colexio non conta con cafetería ou máquinas de vending na actualidade, nin se prevé a súa instalación.

En caso de ter que facer una reunión extraordinaria no centro, todos os asistentes deberán levar a máscara e manter una distancia de 1,5 m.

## 58. O CENTRO INCLUIRÁ PREVISIÓNS PARA ACOMODAR ÁS SITUACIÓNS MÁIS SEGURAS A REUNIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DO CENTRO, MEDIANTE O USO DE SER O CASO DE FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN A DISTANCIA.

En previsión das futuras reunións telemáticas, e dada a experiencia do pasado curso escolar no confinamento, o próximo mes de setembro o profesorado contará con dous cursiños de formación que paso a citar:

- G-Suite for Education, una ferramenta de Google para o traballo telemático nas diferentes materias e apto para todos os niveis educativos.
- O profesorado xa conta con formación no ámbito de traballo telemático, pero o obxecto do curso é unificar criterios, resolver dúbidas e, na medida do posible, facilitar ás familias o traballo telemático dos seus fillos e que sexa unha única plataforma dixital para todas as etapas educativas e para todas as materias.

Ademais, a plataforma Google Suite conta con opcións para videoconferencias, etc e resulta bastante completa para alumnado tanto de Infantil ou Primaria, como de ESO, tanto nos ámbitos das Linguas e Humanidades, como no de Ciencias e Tecnolóxico.

Deste xeito, entendemos que a comunicación a distancia do profesorado co alumnado e as súas familias queda ben cuberto.

Ademais, de cara á información, notificación, avisos, etc. o centro segue en comunicación coas familias pola plataforma Abalar.

## **Q. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO PEDAGÓXICO**

### 59. DE CONFORMIDADE COAS PREVISIÓNS DO PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO E COS PROGRAMAS FORMATIVOS EXISTENTES NO CENTRO INTENSIFICARASE A EDUCACIÓN EN SAÚDE, PARTICULARMENTE NA PREVENCIÓN FRONTE A COVID 19. NO PLAN EXISTIRÁ UNHA PREVISIÓN DAS



ACTIVIDADES QUE AO LONGO DO CURSO SE REALIZARÁ CO ALUMNADO E UNHA PREVISIÓN XERAL DO CARÁCTER TRANSVERSAL DA PREVENCIÓN E HIXIENE FRONTE AO SARS-CoV-2.

O equipo COVID recibirá un curso de formación a través do CFR para saber cómo actuar no caso dun abrocho e as medidas de prevención.

En todas as materias, en contidos de carácter transversal, incluíranse actividades nas que a formación referente á Saúde, de prevención fronte ao Covid, de hixiene e distanciamento persoal estean presentes para facer co alumnado.

Nos primeiros días do curso e nos primeiros minutos de cada clase, de modo exemplarizante, os docentes poderán investir parte do seu tempo en involucralos nas novas rutinas.

Tamén nos primeiros días e nas entradas ou saídas, nas subidas e baixadas ao recreo, o equipo Covid e o resto do equipo docente porán especial atención en que os alumnos asimilen as rutinas, a sinalética e a cartelería para pola en práctica establecendo medidas rutinarias .

60. O PLAN REGULARÁ A DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN E A DISTRIBUCIÓN DAS MEDIDAS E COMUNICACIÓNS QUE REALICE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A DE EDUCACIÓN. ASÍ MESMO EN COLABORACIÓN CO CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA INCLUIRÁ POSIBLES CHARLAS DO PERSOAL SANITARIO SOBRE A PREVENCIÓN E PROTECCIÓN. ESTABLECERASE A INFORMACIÓN QUE SERÁ DE USO OBRIGADO NA WEB DO CENTRO.

A web do CPR El Castro dará difusión ao Plan de Adaptación, así como de calquera información relevante que a Consellería de Sanidade. O Centro de Saúde ao que o colexio está inscrito solicitará charlas formativas do persoal sanitario sobre Prevención e Protección fronte ao Covid para o alumnado e profesorado.

61. O PLAN DETERMINARÁ O PROFESORADO QUE, EN FUNCIÓN DO SEU COÑECEMENTO E EXPERIENCIA, SERÁ O ENCARGADO DE COORDINAR A IMPLANTACIÓN DAS AULAS VIRTUAIS, A COMUNICACIÓN COAS PERSOAS ASESORAS DE ABALAR OU EDIXGAL E COA UAC. O PERSOAL DOCENTE DESIGNADO COLABORARÁ COS COMPAÑEIROS QUE TEÑAN MAIOR DIFICULTADE NA IMPLANTACIÓN DAS AULAS E DIVULGARÁ AS ACCIÓNS DE FORMACIÓN QUE ESTEAN DISPOÑIBLES PARA O CONXUNTO DO PERSOAL DOCENTE E DOS CONTIDOS EXISTENTES.

A persoa designada para coordinar e asesorar esta actividade de formación en Google Suite é D. Javier Pena Jalda.



62. O PLAN PODERÁ CONTER AQUELAS PREVISIÓNS EXISTENTES NO DOCUMENTO DE “INSTRUCIÓNS DE INICIO DE CURSO” APROBADAS POLA DIRECCIÓN XERAL QUE TEÑAN RELACIÓN COAS MEDIDAS DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 E QUE DEBAN SER COÑECIDAS POLO CONXUNTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo de 2020, engádesse ao Plan de Adaptación as seguintes:

- AVALIACIÓN INICIAL: na primeira semana do curso escolar, co fin de identificar as dificultades do alumnado e as súas necesidades de atención educativa:
  - a) Análise dos informes do curso anterior.
  - b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas.
  - c) Coñecemento personalizado do alumnado e a súa situación emocional.
- PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:
  - a) As PD elaboraranse contemplando os posibles escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e non presencial.
  - b) A partir dos Informes Individualizados no fin do curso 20-21 e da avaliación inicial, reforzaranse elementos curriculares esenciais e competencias imprescindibles do curso anterior e así garantir a continuidade do proceso ensinanza-aprendizaxe.

63. O “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN DO COVID-19” É UN DOCUMENTO PÚBLICO DO CENTRO QUE ESTARÁ A DISPOSICIÓN DAS AUTORIDADES SANITARIAS E EDUCATIVAS E PODERÁ SER CONSULTADO POR CALQUERA MEMBRO DA COMUNIDADE EDUCATIVA. SERÁ OBXECTO DE DIFUSIÓN NA PÁXINA WEB DO CENTRO E POR AQUELES CANLES QUE O CENTRO CONSIDERE OPORTUNAS.

O Plan de Adaptación á Situación COVID-19 para o curso 21-22 estará dispoñible publicamente na páxina web do GE Castro – San Miguel.



R. **ANEXO**

**ANEXO I: ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DA COVID-19**

**ANEXO II: CADRO DE CONTROL DE LIMPEZA**

**ANEXO III: CHECKLIST. CONTROL DE APERTURA E PECHE DE FIESTRAS**

**ANEXO IV: PLANOS XENÉRICOS DAS DIFERENTES PLANTAS DO CENTRO  
INCLUÍNDO DISTRIBUCIÓN DE PUPITRES E MESA DO PROFESOR (UN MODELO  
POR ETAPA EDUCATIVA)**

**ANEXO V: PLANO DE DISTRIBUCIÓN DOS PATIOS CUBERTO E DESCUBERTO**



## ANEXO I

Esta enquisa pretende ser útil para que a cidadanía poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. Non é necesario presentalo en ningún lugar. **De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.**

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Existe algún motivo que xustifique os síntomas por parte do paciente?			

Se algún síntoma (sen outra xustificación):

Ten actualmente síntomas? SI/NON

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>Tivo CONTACTO nas últimas 3 semanas?</b>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
<b>CONVIVIU nas últimas 3 semanas?</b>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita		





**ANEXO II**

**CADRO LIMPEZA**

**CONTROL LIMPEZA DE BAÑOS CORRESPONDENTE AO MES DE: .....**

<b>DÍA</b>	<b>MAÑÁ</b>		<b>TARDE</b>	
	<b>HORA</b>	<b>SINATURA</b>	<b>HORA</b>	<b>SINATURA</b>
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
16				
17				
18				
19				
20				
21				
22				
23				
24				
25				
26				
27				
28				
29				
30				
31				

Cubrir a hora na que se realizou cada limpeza e asinar.



**ANEXO III**

**CONTROL DE APERTURA DE FIESTRAS E VENTILACIÓN**

**SEMANA DO:..... DE: .....AO: ..... DE: .....**

HORA	LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES	
	HORA	SINATURA	HORA	SINATURA	HORA	SINATURA	HORA	SINATURA	HORA	SINATURA
1 <sup>a</sup>	Dende:		Dende:		Dende:		Dende:		Dende:	
	Ata:		Ata:		Ata:		Ata:		Ata:	
2 <sup>a</sup>	Dende:		Dende:		Dende:		Dende:		Dende:	
	Ata:		Ata:		Ata:		Ata:		Ata:	
3 <sup>a</sup>	Dende:		Dende:		Dende:		Dende:		Dende:	
	Ata:		Ata:		Ata:		Ata:		Ata:	
4 <sup>a</sup>	Dende:		Dende:		Dende:		Dende:		Dende:	
	Ata:		Ata:		Ata:		Ata:		Ata:	
5 <sup>a</sup>	Dende:		Dende:		Dende:		Dende:		Dende:	
	Ata:		Ata:		Ata:		Ata:		Ata:	
6 <sup>a</sup>	Dende:		Dende:		Dende:		Dende:		Dende:	
	Ata:		Ata:		Ata:		Ata:		Ata:	



**ANEXO IV**

**MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE**

<b>SOLICITANTE</b>	
<b>Nome e Apelidos:</b>	
<b>DNI:</b>	<b>Teléfono:</b>
<b>Correo electrónico (obligatorio):</b>	
<b>Enderezo a efectos de notificacións:</b>	
<b>Código Postal:</b>	<b>Localidade:</b>

<b>DATOS DO CENTRO DE TRABALLO</b>	
<b>Nome do Centro:</b>	
<b>Enderezo:</b>	
<b>Código Postal:</b>	<b>Localidade:</b>
<b>Posto de traballo:</b>	

SOLICITA a valoración da situación médica da xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos de determinación de condición de persoal sensible de conformidade co previsto na Resolución de 22 de xullo de 2020.

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obren no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

....., ..... de ..... De 2021.


Sinatura:

.....(DIRECTOR/A DO CENTRO).




ANEXO V – PLANOS DO CENTRO

PLANTA -2






PLANTA -1





PLANTA 0





PLANTA 1

